

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE CEDEIRA
CURSO: 4º PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DEPARTAMENTO:
DATA: 04/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.1.Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.	EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación e alturas variables.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.1.. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.3 Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos e utilizando os segmentos dominantes.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.4. 4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Observación dos vídeos entregados.
	Instrumentos: Esacala de observación sobre a tarefa enviada.
Cualificación final	<p>A cualificación final realizarase facendo a media dos resultados obtidos nos dous trimestres anteriores. Esta nota poderá ser aumentada sempre e cando se cumplan os seguintes criterios.</p> <p>Aplicarase as seguintes porcentaxes á nota media obtida nos outros dous trimestres.</p> <p>Aqueles alumnos/as que entreguen todos os vídeos verán incrementada a súa nota final nun 10% , se esas actividades están perfectamente executadas poderán incrementar a súa nota nun 90%.</p>
Proba extraordinaria de setembro	Neste curso non hai ningún alumno/a coa materia suspensa en ningún dos trimestres
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades propostas serán todas de repaso sobre os contidos traballados no 1º e 2º trimestre.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Tras a enquisa realizada polo centro, todo o alumnado teñen acceso a internet e polo menos un dispositivo tecnolóxico para poder reproducir os vídeos.</p> <p>A organización dos contidos para este 3º trimestre fíxose de forma globalizada e integradora, proporcionando, de xeito continuo, procesos significativos para o alumno, con obxecto de abordar os problemas, as situacións e os acontecementos nun contexto próximo aos seus intereses.</p> <p>O principal medio do proceso será o xogo, «método» e «medio» de ensino sintetizador tanto de finalidades como de contidos, e que xera unha gran motivación nos nenos e nenas, produto da súa natureza lúdica. Persegúranse aquelas actividades máis globalizadoras, aínda que dada a situación incrementárase as actividades de forma máis analítica.</p> <p>O proceso de ensino que propoñemos busca o desenvolvemento de habilidades e destrezas para regular a propia actividade de aprendizaxe, é dicir, unha aprendizaxe autónoma. Potenciarase no alumnado o interese por mellorar e o dominio progresivo das habilidades adquiridas.</p> <p>Propoñemos unha forma de ensino mediante a cal imos conseguir que os alumnos vivencien a actividade física e consigan aprendizaxes significativas. Baseámonos nestes principios básicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Partir do nivel de desenvolvemento do alumno. - Construír aprendizaxes significativas

	<ul style="list-style-type: none"> - Lograr unha aprendizaxe autónoma. - Desenvolver e modificar as capacidades e os esquemas de coñecemento. - Lograr unha actividade intensa protagonizada polos alumnos.
Materiais e recursos	Os materiais que emprego, ademais dos tecnolóxicos para poder reproducir os vídeos e poder envialos, son materiais que eles poidan ter na casa como calcetíns, papel hixiénico, folios, papeleiras, zapatos...

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O procedemento que emprego para comunicarme coas familias e por medio do espazoabalar e por gmail para poder enviarme os vídeos coas actividades realizadas.
Publicidade	Dentro do blog do centro, pódese atopar o blog para a área de Educación Física https://efceipdecdeira.blogspot.com/

